



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA DEZAOITO DE MARZO DE 2015, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D. JORGE CERDEIRA LOURO
	D ^a . BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D ^a . CELIA ALEGRE MACEIRA
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día dezaioito de marzo de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (18/02/2015).

Dáse conta da acta da sesión celebrada o dezaioito de febreiro do mes pasado, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Ratificación, se procede, de acordo da Xunta de Goberno Local sobre modificación de acordo de solicitude do Plan de aforro e investimentos (PAI 2015) da Deputación Provincial.

Dáse conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o vinte e catro de febreiro do ano que andamos, que di o seguinte:

“Á vista das notificacións remitidas pola Deputación Provincial a través da Plataforma Subtel sobre deficiencias detectadas nos proxectos incluídos no Plan PAI 2015.

A Xunta de Goberno Local, sen prexuízo da súa ratificación polo Pleno da Corporación, acorda:

Modificar o punto 1º B (Investimentos financeiramente sostíbles) do acordo adoptado polo Pleno en sesión ordinaria celebrada o 21 de xaneiro do ano que andamos, quedando redactado do seguinte xeito:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	PRÉSTAMO PROVINCIAL
<i>Arranxos en Ponte Ulla, San Pedro de Vilanova e outros</i>	32.021,41	0	32.021,41
<i>Aglomerado tramo urbano en Ponte Ulla</i>	59.735,03	6.847,43	52.887,60
TOTAL	91.756,44	6.847,43	84.909,01

Aprobar os proxectos técnicos corrixidos”.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda ratificar o citado acordo.

3º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG para reverter a suba das taxas municipais acontecida nesta lexislatura.

Dáse conta do informe adoptado pola Comisión Informativa de Economía e Especial do día 16 de marzo:

“Dáse conta da moción presentada polo BNG na que se expón que no Pleno do mes de febreiro aprobouse a liquidación do orzamento do ano 2014 cun superávit de 87.000 euros, que polo tanto durante o ano 2015 o concello terá un superávit acumulado de 169.000 euros, e dado que o remanente líquido de tesourería necesario para manter o pago a provedores é de aproximadamente 100.000 euros, ao concello sóbralle durante o ano 2015, 69.000 euros.

Di que por outra banda durante a lexislatura o PP incrementou todas as taxas municipais: escola infantil, ludoteca, pavillón municipal, recollida de lixo, abastecemento de auga, asistencia social, etc, e mesmo cando a Xunta incrementa o prezo dos comedores infantís, o concello é ruín coas axudas, co resultado de que en Compostela o menú escolar é máis barato que en Vedra, onde os nenos viven a máis de dous quilómetros de distancia do colexio.

Dado que o éxito das contas municipais saíu, entre outras cousas, do peto dos veciños/as de Vedra, solicita o apoio do pleno para a aprobación da seguinte moción:

Primeiro.- Revertan as taxas aos valores previos a esta lexislatura, utilicen para iso 69.000 euros (conserven un remanente líquido de tesourería de 100.000 euros para garantir a liquidez no pago a provedores, participación en proxectos, etc)

Segundo.- E como é seguro que lles han sobrar cartos, aproben axudas para o comedor escolar que permitan igualar o custo dos menús cos de Compostela.

A Presidencia expón que está disposto a estudar a progresividade nas taxas, pero que en xeral non é posible, incluso por cuestións de legalidade unha baixada xeral.

O Sr. Pose do BNG expón que reservando 100.000 euros, solicitaría que o sobrante se utilizase en servizos sociais, contestándolle a Presidencia que non vería mal a citada proposta, entendendo en sentido amplo os servizos sociais.

Queda pendente o asunto de presentar unha proposta concreta.

O Sr. Pose do BNG expón que o motivo da moción está explicado na mesma, que hai unha liquidación orzamentaria de 69.000 euros, e que no orzamento do



exercicio 2015 hai unha previsión dun superávit de 82.000 euros, co que en teoría o superávit acumulado será de 169.000 euros.

Di tamén que independentemente da proposta máis ou menos electoralista, presenta unha moción responsable, posto que se o concello necesita un remanente líquido para pago a provedores de 100.000 euros, segundos os técnicos municipais, a proposta é que “Eses 69.000 euros revertan integramente en servizos sociais e educación, ampliando deste maneira o orzamento previsto en 2015 (conservando un remanente líquido de tesourería de 100.000 euros para garantir a liquidez no pago a provedores, participación en proxectos , ..etc”, ligando a súa aprobación ao actual equipo de goberno durante uns meses e o futuro despois, solicitando a súa aprobación por unanimidade.

A Presidencia di que despois da proposta acadada entre todos os grupos, non é necesario formular un debate grande, sen embargo, dado que a moción está presentada, quere deixar constancia , de xeito obxectivo, dalgunhas matizacións ao respecto.

Así expón que independentemente dos conceptos contables, as taxas e impostos municipais non se incrementaron todos, posto que por poñer un exemplo, o IVTM é dos máis baixos da comarca, e o seu incremento afectaríalle a moitas casas de Vedra, posto que no censo do concello figuran 4200 vehículos, e noutros casos os incrementos están ligados ás taxas da Xunta, como as do servizo de axuda no fogar, e gardería, que paradoxalmente a pesares da modificación e existir un alumno máis con respecto ao ano 2010, o importe do que se recada é menos, debido á modificación das circunstancias económicas e sociais; e no caso da taxa de recollida de lixo no caso de vivendas o incremento anual foi só de 9 euros/vivenda, e en todas as taxas existen medidas de progresividade social, coas que están todos de acordo, tanto o goberno anterior, como o presente e o que veña.

Polo que respecta ao servizo de comedor, di que o importante é que as familias teñan acceso ao servizo e como exemplo está o do CEIP de Ortigueira, que despois de estar pelexando tanto a ANPA, como o concello, a súa xestión foi asumida pola Xunta, e en cifras concretas hai 44 nenos/as que non pagan nada (80%) ; 3 pagan 1 euro, 3 pagan 2,5 euros e só 5 pagan o importe máximo (un 10%), en termos porcentuais semellantes ás do CPI de Vedra.

Tamén matiza que nos atopariamos con problemas de legalidade para reverter a suba das taxas xa que no ano 2014 o custo da ludoteca foi de 40.013 euros, e os usuarios só achegaron 13.967 euros (33%); o SAF, tanto dependentes como libre concorrencia custou 216.179 euros, e os usuarios achegaron 38.097 euros (18%); a gardería tivo un custe anual de 130.000 euros con achegas de 48.000 euros (37%); o custo do pavillón e actividades foi de 76.000 euros e os usuarios só achegaron 11.000 euros (15%) e a piscina tivo un custe de 14.000 euros, e unha achega dos usuarios de 2.500 (17%). Só se aproxima o servizo de recollida de lixo, cun custe de 198.000 euros e unha achega dos usuarios de 165.000 (83%), supoñendo todos os incrementos aprobados un importe anual de aproximadamente só 40.000 euros.

Por último di que si está de acordo en que eses 69.000 euros sexan destinados a servizos sociais e educación , así como seguir revisando as taxas e impostos a nivel de mellorar a progresividade social.

O Sr. Pose quere recordar que durante a lexislatura o BNG non apoiou nunca un incremento de taxas e impostos, posto que unha cousa é incrementar as taxas e outra moi distinta estudar a súa progresividade, nin o famoso plan de axuste e sostibilidade,



que obrigou á formalización dun préstamo ICO, que foi totalmente innecesario, só obrigou a este tipo de cuestións: subir as taxas, ...etc

Di tamén que o tema dos comedores escolares non é unha cuestión súa, senón que como xa dixo en varias ocasións, expúxoo o director do CPI de Vedra no Consello Escolar, e polo que respecta ao incremento das taxas, existe un RLT de 87.000 euros e se se pon nunha balanza os cartos que entran no concello e os que saen, a realidade é que entran aproximadamente 34.000 euros máis, e levou a incrementar as mesmas cerca dun ano, e en total a suma son os 87.000 euros de liquidación orzamentaria, é dicir, se non se incrementasen estaríamos nas mesmas condicións, polo que xa que existiu un proceso de sufrimento colectivo para que teñamos unha liquidación orzamentaria de 87.000 euros, é xusto que mantendo o remanente necesario para pago a provedores, eses 69.000 euros vaian parar a servizos sociais e educación.

A Presidencia di que a situación económica actual non é debido só ao incremento das taxas, senón a outras moitas cousas que se fixeron para mellorar a situación do concello, e sempre agradeceron o esforzo que se lle pediu aos veciños; e no tocante ao tema dos comedores escolares o que lle piden os directores dos colexios é máis prazas, como pasou no CPI de Vedra, que se conseguiron, a pesares de que non foi fácil (15 prazas a maiores en setembro).

O Sr. Pose para rematar o debate di que está ben que o 80% dos nenos coman gratis nos colexios, pero que o concello non é unha empresa, contestándolle a Presidencia que sen embargo ten que ser sostible.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar o seguinte acordo:

“Eses 69.000 euros revertan integramente en servizos sociais e educación, ampliando deste maneira o orzamento previsto en 2015 (conservando un remanente líquido de tesourería de 100.000 euros para garantir a liquidez no pago a provedores, participación en proxectos, ..etc”

4º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

Non hai preguntas pendentes de contestar.

5º.- Rogos e preguntas

--O Sr. Cobas do PSdG-PSOE, di que en Pumariño-Santardao, nos planos de concentración parcelaria de Santa Cruz e San Mamede de Ribadulla, entre as parcelas 1121 e 1125 hai un camiño público, que está pechado cunha cadea e dous postes, incluso plantaron árbores na gábea, rogando se tomen as medidas necesarias.

--O Sr. Pose do BNG procede á lectura dun escrito que lle entregou un veciño:

“En Vedra estamos a sufrir o que se pode denominar unha vergoña no que ao servizo de internet se refire (ADSL), xa que parece totalmente inverosímil que en pleno século XXI, e na denominada era dixital, teñamos que navegar pola rede a velocidades ridículas (ás veces menos de 1 MB), cando noutros concellos veciños están con velocidades de máis de 6 MB.



Nin que dicir ten que o prezo que nos pagamos é o mesmo, contratando o mesmo operador (Movistar, Jazztel, Organde, etc), que en calquera outro concello ou vila que goza de velocidades moi superiores á que nos temos.

Poderíamos tamén afirmar que somos un concello limítrofe con Santiago, no que teñen servizo de fibra óptica con velocidades de case 100 MB, e en conexión ADSL a velocidade está por encima dos 20 MB.

En Vedra existen dúas centraliñas telefónicas, unha situada na aldea de Vedra, que dá cobertura a unha parte das parroquias do concello (Trobe, San Pedro de Sarandón, San Miguel de Sarandón, etc) e outra situada en Santa Cruz, que dá cobertura a outra parte das aldeas do concello (San Pedro de Vilanova, Santa Cruz, Ponte Ulla, etc)

Dentro do propio concello temos distintas velocidades de conexión ADSL dependendo da centraliña á que estea conectado o abonado.

Os abonados que están conectados á centraliña de Santa Cruz teñen velocidades con picos máximos de aproximadamente 5 MB, mentrEs que os abonados conectados á centraliña de Vedra teñen velocidades con picos de aproximadamente 2,5 MB.

Estamos a falar de picos, non velocidades constantes, é dicir, cando as centraliñas non están moi saturadas ou inclusive poderíamos dicir aquilo de “cando o vento está a favor”.

Ademais de todo isto, os microcortes en internet son constantes debido ao pésimo servizo que nos está a dar Movistar (Telefónica).

A que se debe isto?

Ben, independentemente do operador co que contratemos o servizo, estamos a pasar polas mans, de Movistar (Telefónica), xa que tanto as redes (pares de fíos) como as centraliñas son da súa propiedade.

Ditas centraliñas, así como as redes, foron instaladas hai varias décadas e en todo este tempo non foron melloradas para adaptarse aos tempos actuais.

As únicas reformas que se fixeron por parte de Movistar (Telefónica) foron nas centraliñas, readaptando os antigos equipos analóxicos e instalando uns pequenos módulos dixitais para así poder dar un servizo (pésimo) de ADSL (e loxicamente facer abonados).

Son moitos os veciños que levan anos queixándose de Movistar (Telefónica) da precaria velocidade que aquí temos, deixando constancia diso no servizo de atención ao cliente, sen ningún resultado.

Así como as queixas que lle fan ao persoal da empresa que leva o servizo de mantemento e reparación (Montelnor), que en palabras textuais deles din “As liñas están feitas unha merda, e as centraliñas non dan para máis xa que son modelos moi vellos”.

Instamos ao concello a que se presente como causa e esixa a Telefónica - Movistar que substitúa a centraliña de ADSL do centro de Vedra, por unha de última xeración”.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e cinco minutos.